

remiten a resolución pola que procede á inadmisión a trámite e se procede ao arquivo de solicitude de subvención para o soterramento de liñas eléctricas nas inmediacións do IES Fraga do Eume e da Escola Infantil Municipal.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

#### 2.1.4.- ESCRITOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

2.1.4.1.- Dáse lectura ao fax do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo, nº rexistro de entrada 4839 do 26.07.2011 polo que comunican a resolución de autorización das obras de mellora de alumado público, centralización, xestión e redución do gasto enerxético.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.4.2.- Dáse lectura ao escrito de AGADIC, axencia galega de industrias culturais, da Consellería de Cultura e Turismo, nº rexistro de entrada 4683 do 15.07.2011 polo que remiten o compromiso por parte do concello e de Agadic para colaboración na programación cultural do acto de concerto de NIÑOS MUTANTESB para o día 7 de setembro de 2011.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

#### 2.1.5.- ESCRITOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS

2.1.5.1.- Dáse lectura ao escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, nº rexistro de entrada 4749 do 19.07.2011 sobre participación no programa de recollida de plásticos agrícolas, indicando que a empresa que presta o servizo é TRAGSA.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.5.2.- Dáse lectura ao escrito do Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, nº rexistro de entrada 4634 do 13.07.2011 polo que comunican que se pode examinar a documentación e presentar alegacións á modificación de tráfico e reestructuración na explotación da concesión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada por parte da empresa Arriva Noroeste, S.L.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.5.3.- Dáse lectura ao fax e ao escrito do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, nº rexistro de entrada 4861 e 4891 do 26.07.2011 e 27.07.2011 polo que comunican o arquivo do expediente de solicitude de autorización de obras de acondicionamento de camiño de Sixto-Ver por tratarse de obras de competencia estatal ao afectar a servidume de acceso ao mar e que xa foron autorizadas pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.5.4.- Dáse lectura ao escrito da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, nº rexistro de entrada 4863 do 26.07.2011 polo que remiten o informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal emitido en materia de costas.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

#### 2.1.6.- ESCRITOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

2.1.6.1.- Dáse lectura ao escrito da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nº rexistro de entrada 4682 polo que remiten a notificación de resolución de subvención por importe de 2.804,08 euros para procedemento PR460A.

→ Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.6.2.- Dáse lectura ao escrito da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nº rexistro de entrada 4831



# C O N C E L L O

DE

## PONTEDEUME

dop 22.07.2011 polo que comunican a resolución de desestimento de solicitude de subvención por importe de 40.000 euros para a reparación de cotenedores soterrados por non responder ao requerimento de documentación.]

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.6.3.- Dáse lectura ao fax da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nº rexistro de entrada 4890 do 27.07.2011 polo que remiten o acordo de concesión de axuda para a contratación temporal de catro auxiliares de policía local durante a tempada de verán por importe de 3.000 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

### 2.1.7.- ESCRITOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

2.1.7.1.- Dáse lectura ao escrito de Patrimonio e Contratación da Deputación provincial da Coruña, nº rexistro de entrada 4570 do 11.07.2011 polo que solicitan informe sobre si xa existe dispoñibilidade do 100 por cen das fincas para as obras de “Travesía e seguridade vial na CP 4803 Miño a Pontevedra do PK 3+800 ao 7+100 e PK 10+250 ao 10+750 (1ª fase do PK 3+800)” tendo en conta que segundo informa a Asociación de veciños de Boebre o día 15 de abril de 2011 a dispoñibilidade era do 98%.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.7.2.- Dáse lectura ao escrito de Patrimonio e Contratación da Deputación provincial da Coruña, nº rexistro de entrada 4794 do 21.07.2011 polo que comunican o pagamento do 60% do importe de adjudicación das obras de “Instalación de herba artificial no campo de fútbol municipal” por importe de 162.678,64 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.7.3.- Dáse lectura ao fax e ao escrito da asoría xurídica da Deputación provincial da Coruña, nº rexistro de entrada 4658 e 4716 do 14.07.2011 e do 18.07.2011 polo que remiten copia do auto dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sala do contencioso-administrativo sección 2ª sobre desestimación de recurso de reposición interposto por Leche Celta, SLU contra o auto do 7.04.2011.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.7.4.- Dáse lectura ao fax e ao escrito da asoría xurídica da Deputación provincial da Coruña, nº rexistro de entrada 4751 e 4790 do 19.07.2011 e do 21.07.2011 polos que remite a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña en recurso PO 248/2008 de desestimación de demanda interposta polo Grupo Inmobiliario Lagares, S.L contra decreto nº 435/2008.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

2.1.7.5.- Dáse lectura ao fax da asoría xurídica da Deputación provincial da Coruña, nº rexistro de entrada 4855 do 26.07.2011 polo que remite copia da demanda presentada por Ageco Contruccion y Reformas, S.L no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña P.O 143/2011.

Os membros da Xunta de Goberno Local quedan informados.

### 2.2.- ESCRITOS DE PARTICULARES

#### 2.2.1.- ESCRITO DO GABINETE DE ABOGADOS FRANCISCO ANTAS PÉREZ E CARLOS HERNÁNDEZ LÓPEZ

Dáse lectura ao escrito do Gabinete de Abogados Francisco Antas Pérez e Carlos Hernández López, nº rexistro de entrada 4801 do 21.07.2011 polo que remite a sentenza do